



Resolución do 16 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a participación no proxecto de BIBLIOTECA CREATIVA, no contexto do Plan LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe) para apoiar a cultura da experimentación, a creación e a investigación, en espazos creativos e cooperativos no seo das bibliotecas escolares dos centros públicos de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que acollan ensinanzas de educación infantil e primaria, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para curso 2024/25.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 1, como un dos principios básicos que inspiran o sistema educativo, o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

O artigo 113 da devandita Lei fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando que os centros de ensino disporán dunha biblioteca escolar, engadindo que estes recursos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura.

As bibliotecas son, pois, instrumentos dos centros educativos ao servizo das competencias clave e como tales poden albergar propostas moi diversas que favorezan o desenvolvemento de contidos curriculares de forma transversal ou interdisciplinaria, que conecten distintas áreas de aprendizaxe, que impulsen prácticas metodolóxicas activa e faciliten, así, a adquisición destas competencias clave, incluída a competencia dixital no seu máis amplo significado.

Especificamente, as bibliotecas escolares teñen entre os seus obxectivos o de favorecer a alfabetización múltiple, un concepto que desenvolve, amplía e actualiza o concepto de lectura, tal e como se entendía ata o momento, e que aparece recollido no documento de referencia do Consello da Unión Europea (2012): Conclusións do Consello, de 26 de novembro de 2012, sobre alfabetizacións múltiples. DOUE¹. Defínese a alfabetización múltiple como a "comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica", abundando en que esta "competencia é esencial para a vida" e que "é a porta cara ao resto das aprendizaxes".

As bibliotecas en xeral, tamén as escolares, están a vivir importantes transformacións e unha das máis importantes é a de acoller todo tipo de actividades nas que as persoas usuarias (neste caso, alumnado, profesorado e familias) poden atoparse para pensar, deseñar, facer, construír e aprender xuntas, na liña dos *makerspaces* ou dos laboratorios de ideas, coa incorporación dos equipamentos necesarios para a dotación de espazos creativos. Na actualidade, as bibliotecas escolares contemplan todo tipo de linguaxes (oral, escrita, icónica, audiovisual, artística...) e posibilitan ao alumnado múltiples oportunidades de aprendizaxe, de expresión e de creación. Neste contexto de alfabetización múltiple deseñouse no ano 2016 unha iniciativa destinada a introducir nas bibliotecas escolares unha nova linguaxe, a de programación, e outros medios

¹ <https://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2012:393:0001:0004:ES:PDF>





propios da cultura maker (“faino por ti mesmo”) en actividades destinadas a mellorar a comunicación lingüística do alumnado, a expresión oral, o razoamento lóxico, a creatividade, o traballo colaborativo, a investigación, a aprendizaxe manipulativa e o xogo.

Os excelentes resultados observados no desenvolvemento das bibliotecas dos centros integrados neste programa levan á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a ampliar esta iniciativa, amparada polo Plan LÍA 2021-2025 de Bibliotecas Escolares que conta, entre os seus obxectivos xerais, o de avanzar no modelo de biblioteca escolar deseñada como laboratorio creativo de aprendizaxes aberto a toda a comunidade escolar, na que cobren presenza os multialfabetismos, a creatividade, a expresión, a comunicación e a colaboración como garantes dunha formación adaptada ás necesidades do século XXI.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección xeral,

RESOLVE:

Apartado 1. Obxecto

1. Esta convocatoria ten por obxecto convocar a selección de novos centros docentes públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para participar no proxecto Biblioteca Creativa durante o curso 2024/25.

Ademais darase continuidade aos centros integrados en convocatorias precedentes nas condicións establecidas nesta convocatoria.

2. Así mesmo, tamén se busca estimular a iniciación do alumnado de infantil e primaria no campo do pensamento computacional a través de actividades manipulativas e outras, programadas desde a biblioteca escolar, introducindo un espazo de creación e experimentación que achegue ao alumnado e ao profesorado os recursos e materiais axeitados.
3. En consecuencia, trabállase a prol de ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple, o razoamento lóxico, a aprendizaxe manipulativa, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado.

Apartado 2. Destinatarios

1. Poderán participar neste programa de innovación educativa centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2024/25, que matriculen alumnado de ensino infantil e/ou primario, agás os incorporados na convocatoria de 2024.
2. Seleccionarase un máximo de 25 centros de nova incorporación para a súa participación no programa Biblioteca creativa para o curso 2024/25.
3. Igualmente, deberán solicitar a continuidade no proxecto os centros integrados en convocatorias anteriores do programa Biblioteca creativa. Esta continuidade estará vinculada aos resultados obtidos no curso 2023/24 (memoria e recursos desenvolvidos).





4. Non poderán participar os centros que se incorporan ao PLAMBE no curso 2024/25, curso no que cómpre centrar a súa actividade na consolidación do modelo de biblioteca segundo os obxectivos presentados no seu proxecto, naqueles aspectos que son esenciais (xestión técnica, coidado da colección, melloras en mobiliario e equipamentos, deseño de actividades e programas de lectura e de educación en información, entre outras).
5. Aqueles centros que soliciten o reingreso no programa Biblioteca Creativa na presente convocatoria, pero xa tivesen formado parte do programa e causado baixa anteriormente por diferentes razóns, poderán ser seleccionados sempre que acaden a valoración suficiente e sempre que transcorrese un mínimo de catro anos desde a data da baixa.

Apartado 3. Dotación económica

As asignacións terán diversa finalidade segundo a antigüidade no programa:

1. Os 25 centros de nova incorporación seleccionados, terán unha asignación económica de 1.000€ destinada á dotación dun espazo creativo dentro da biblioteca escolar, cos materiais necesarios para a posta en marcha da iniciativa. Un máximo dun 25% da asignación, na medida que sexa posible, poderá destinarse á formación do alumnado coa realización, no propio centro, de obradoiros relacionados coa experimentación, a creación e a investigación.
2. Centros con un ano de presenza no programa de Biblioteca creativa (incorporados no curso 2023/24) recibirán unha asignación de 500€. Esta asignación destinarase á adquisición de materiais que faciliten a investigación, a experimentación e a creación de forma colaborativa, configurando un "espazo creativo" diverso e axeitado aos intereses da comunidade educativa e ás finalidades do centro. Un máximo dun 25% da asignación poderá, na medida que sexa posible, destinarse á formación do alumnado coa realización, no propio centro, de obradoiros relacionados coa experimentación, a creación e a investigación.
3. Resto dos centros de continuidade no programa, incorporados no curso 2022/23 ou con anterioridade recibirán unha asignación de 500€ que deberá destinarse integramente á formación do alumnado coa realización, no propio centro, de obradoiros relacionados con calquera ámbito presente no "espazo creativo", a experimentación, a programación, a creación audiovisual e artística etc., impartidos por profesionais ou persoas experimentadas en cada ámbito.

Apartado 4. Financiamento

1. A través da aplicación 37.03.423A.640.10 do orzamento da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para o ano 2024, destinada a programas de atención á biblioteca escolar, asignaranse contías para a dotación dos espazos creativos, nos centros de nova incorporación e naqueles con un ano de presenza no programa e a realización de obradoiros específicos e outras actividades, no resto dos centros con antigüidade neste proxecto, por un importe máximo global de 109.500 €.



2. En función das necesidades para o desenvolvemento do programa, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional poderá ampliar o orzamento destinado a esta actuación, sempre que as circunstancias orzamentarias así o permitan.

Apartado 5. Solicitudes e prazos

1. Os centros interesados que cumpran as condicións recollidas no apartado 2 desta convocatoria e que queiran solicitar a continuidade ou a nova incorporación no programa Biblioteca creativa, deberán presentar a súa solicitude, no enderezo: <https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>
2. A solicitude deberá estar presentada pola persoa responsable da dirección do centro e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria e que son certos os datos indicados na documentación achegada. A persoa responsable da biblioteca poderá crear e editar a solicitude pero non presentala.
3. O prazo para a presentación de solicitudes para nova incorporación ou para continuidade, será de quince días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no portal educativo.
4. A non solicitude de continuidade no programa considerarase como renuncia ao mesmo.

Apartado 6. Requisitos e compromisos dos centros e profesorado participante

1. Os centros interesados deberán estar actualmente integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, agás os incorporados na convocatoria de 2024, e contar cunha persoa dentro do equipo de biblioteca, ben a persoa responsable ou calquera outra integrante do equipo. Esta persoa deberá ter destino definitivo no centro e participará na actividade de formación presencial prevista neste proxecto. Compartirá co resto de integrantes do equipo de biblioteca as informacións e pautas recibidas.
2. A persoa responsable da biblioteca en cada centro deberá coordinar e garantir a integración desta iniciativa na programación anual da biblioteca escolar. Xunto co equipo de biblioteca e a dirección do centro establecerán as medidas oportunas para o desenvolvemento do proxecto respectando as instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para a organización e funcionamento das bibliotecas escolares, do curso 2024/25.
3. Aqueles centros que soliciten o reingreso no programa Biblioteca Creativa na presente convocatoria, pero xa tivesen formado parte do programa e causado baixa anteriormente por diferentes razóns, poderán ser seleccionados sempre que acaden a valoración suficiente e sempre que transcorrese un mínimo de catro anos desde a data da baixa.
4. Os centros comprométese, no caso de resultaren seleccionados, a contribuír coas súas valoracións á elaboración dun informe, por parte da Asesoría de bibliotecas escolares, sobre as posibilidades das alfabetizacións múltiples desde a biblioteca escolar, así como as oportunidades que ofrece para a formación do alumnado e para a comunidade educativa a incorporación dun espazo creativo.



Apartado 7. Criterios de selección

Os criterios de selección serán os que seguen:

1. Centros integrados na fase anterior do proxecto:

Valoración acadada pola memoria de desenvolvemento do proxecto Biblioteca creativa no curso 2023/24.

2. Centros de nova incorporación:

- Valoración acadada pola memoria PLAMBE do pasado curso 2023/24; terán prioridade aqueles centros que presenten unha actividade media-alta.
- Localización: procurárase unha distribución axeitada polo territorio galego e reservárase un mínimo dun terzo das prazas dispoñibles para centros situados en concellos de ámbito rural.

Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos esixidos e se vén acompañada da preceptiva documentación, requírendose en caso contrario ao solicitante para que, no prazo de cinco días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle que se así non o fixese, terase por desistido da súa petición e procederase ao seu arquivo logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas

Apartado 8. Comisión de valoración

Baixo a presidencia da Subdirección xeral de Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

- A persoa titular da xefatura do Servizo de Innovación e Programas Educativos ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da xefatura do Servizo de Apoio Económico.
- As persoas asesoras responsables da Asesoría de bibliotecas escolares na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Unha delas fará as funcións de secretaria.

Esta comisión constitúese como órgano colexiado creado expresamente en virtude desta Resolución e cuxas funcións son as de instruír todo o procedemento, avaliar e seleccionar as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria conforme aos requisitos detallados no apartado 7.

Apartado 9. Resolución provisional

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional coa selección de 25 centros para a participación neste programa, así como a proposta de continuidade dos centros que o soliciten. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería <http://www.edu.xunta.gal/portal/>



- Logo da publicación da resolución provisional abrirase un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión. As reclamacións ou renuncias dirixiranse á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia <http://sede.xunta.gal> a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación "Biblioteca creativa". Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 <http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>

Apartado 10. Resolución definitiva

- Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros participantes, tanto de nova incorporación como de continuidade.
- As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que se publicará no portal educativo <http://edu.xunta.gal/portal/>
- Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
- O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 11. Accións formativas e certificacións

- Un representante do equipo de biblioteca de cada centro deberá participar nunha xornada de formación presencial cunha duración de oito horas certificables como Formación do Profesorado en colaboración co Servizo de Programas de Formación. A formación será específica, sobre aspectos relacionados coa biblioteca como laboratorio creativo de aprendizaxe, a cultura *maker* na biblioteca escolar e as posibilidades pedagóxicas do espazo creativo. Esta actividade levarase a cabo trala resolución da convocatoria.
- Todos os centros incluídos no programa Biblioteca creativa contarán, así mesmo, co asesoramento da Asesoría de Bibliotecas Escolares ao longo do ano para o desenvolvemento do proxecto.



3. As actividades derivadas da participación nesta iniciativa deberán integrarse na dinámica da biblioteca escolar do centro.

Artigo 12. Pagamento

As cantidades asignadas por esta convocatoria serán transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico de 2024. Poderán xustificarse gastos con cargo ás asignacións percibidas ao abeiro desta convocatoria con data desde o 2 de setembro de 2024. O gasto non realizado antes de remate do ano, incorporárase ao orzamento do centro do ano 2025 de acordo co establecido no artigo 5º, apartado h) do Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG de 4 de abril). Tomarase como data final para efectuar o gasto **o 10 de xullo de 2025**.

Apartado 13. Avaliación da participación no programa

1. Os centros participantes deberán presentar:
 - a) Breve memoria de actividades levadas a cabo durante o transcurso do proxecto, segundo o modelo dispoñible na aplicación (máximo 3 páxinas).
 - b) Material gráfico en formato .jpg ou .png (máximo 12 imaxes).
 - c) Xustificación económica segundo o Anexo I (modelo facilitado na aplicación) e as facturas correspondentes.
 - d) Opcionalmente, un enderezo URL no que estea aloxado e se poida consultar o material multimedia elaborado.
2. O prazo límite de presentación desta documentación (memoria, material gráfico, URL e xustificación económica) será o 10 de xullo de 2025. Toda esta documentación deberá remitirse a través da persoa responsable da dirección do centro, no enderezo:
<https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>
3. Non enviar a memoria, así como a xustificación de gasto no prazo sinalado, será causa de revogación das cantidades asignadas e o centro deberá proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle puidesen esixir. Da mesma forma, o incumprimento total ou parcial dos programas ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión, dará lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Apartado 14. Difusión das experiencias

Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, conservando a autoría dos seus creadores, co fin de servir como exemplo de boas prácticas, para o que deberán ser publicados cunha Licenza Creative Commons CC BY-NC-SA





Creative Commons CC BY-NC-SA

Permítese o uso non comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do programa Biblioteca creativa nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa utilización do logo do programa, que deben descargar no enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1583>

Disposición adicional única. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de forma presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa





ANEXO I

| | |
|--|-------------------------------|
| DOTACIÓN PARA ACTIVIDADES DO PROXECTO BIBLIOTECA CREATIVA, ao abeiro da convocatoria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, na que se incentiva o funcionamento desta iniciativa en centros públicos de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que acollan ensinanzas de educación infantil e primaria, integrados no Plan de Mellora de bibliotecas escolares no curso 2024/25 | XUSTIFICACIÓN DO GASTO |
|--|-------------------------------|

| | | | |
|----------------|----------|------------------|----------|
| Nome do centro | | Código do centro | |
| Enderezo | | Localidade | |
| Código Postal | Concello | Provincia | Teléfono |

A. INGRESOS

| | |
|--|---------|
| Cantidade total asignada A contía asignada ten carácter finalista, polo que deberá destinarse unicamente aos fins estipulados: o desenvolvemento do proxecto Biblioteca Creativa , durante o curso 2024/25. <u>Remítirase copia simple de facturas</u> . Os orixinais correspondentes archivaranse no centro. | _____ € |
|--|---------|

B. GASTOS

| Relación de facturas | | |
|----------------------|----------|---------|
| Nº da factura | Provedor | Importe |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| TOTAL GASTO | | |

Don/Dona, en calidade de presidente/a do Consello Escolar do Centro, **CERTIFICA:**

Que as facturas que se detallan corresponden a gastos necesarios para o desenvolvemento do proxecto denominado **Biblioteca Creativa**, e que se detallan na memoria perceptiva.

En a de de 2025

O/A Presidente/a do Consello Escolar

Asdo.:

